



PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA DIXITAL PARA ALUMNADO DE FP

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de publicar as instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial, e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023-2024. Pode consultarse a Resolución na ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10657

O **alumnado de 2º curso de ciclos medios do réxime ordinario**, así como o **alumnado de ciclos medios do réxime de persoas que titulase ou titule durante este curso 2023-2024**, pode solicitar inscribirse nunha proba de acreditación de competencia dixital consistente na realización dunha **proba específica da denominada Área de dominio 4**. O alumnado que supere esta proba e obteña o título de técnica ou técnico recibirá unha **certificación que acredita un nivel intermedio de competencia dixital** conforme o Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD). O contido do MGCD pódese consultar na ligazón:

https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213_EstruturaMGCD_v.1.0.pdf

O procedemento para inscribirse nas probas é moi sinxelo. Basta con **cubrir o Anexo I dispoñible na web do IES** (marcando a opción de inscrición na Área 4 do nivel intermedio e, no caso de menores de idade, incluíndo a autorización da nai / pai / persoa titora legal que figura no impreso) e **presentala na secretaría do centro ou en xefatura de estudos ata o 22 de maio ás 13:00 horas**.

A proba é totalmente **gratuíta** e **realizarase no centro durante o mes de xuño** (informarase do día e da hora da proba segundo as datas asignadas ao centro pola Dirección xeral de Formación Profesional). A proba específica da Área de dominio 4 (Seguridade e privacidade) constará de **12 preguntas** e terá unha duración máxima de **20 minutos**, debendo **responder correctamente ao 60% das preguntas para superala**. Na seguinte ligazón tedes a posibilidade de realizar una proba de exemplo do nivel intermedio:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/gl>

O **alumnado de ciclos superiores que titule**, tanto do réxime ordinario como do réxime de persoas adultas, terá recoñecido xa **de oficio un nivel intermedio de competencia dixital**.

A certificación dun nivel completo de competencia dixital estará dispoñible na **Carpeta Cidadá da sede electrónica** de cada alumna ou alumno. Adicionalmente, o alumnado dos centros públicos recibirá a certificación a través da **aplicación Abalar**.

A certificación en competencias dixitais terá unha **validez de cinco anos**.